

INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS EN RELACIÓN COA COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS ECOLÓXICOS

Esta Secretaría Xeral Técnica, en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto e estrutura

O obxecto do presente proxecto de orde é establecer normas en relación coa comercialización de produtos ecolóxicos no mercado retalista e, especificamente, establecer determinadas exencións en relación cos requisitos que, con carácter xeral, deben cumprir os operadores e operadoras que realizan esta actividade, de acordo co previsto no Regulamento (UE) 2018/848.

O proxecto de orde estrutúrase en sete artigos, unha disposición derradeira e un anexo.

2. Marco normativo e competencial

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 30.1.tres e catro, determina que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11 e 13 da Constitución, a competencia exclusiva, en materia de agricultura e gandería e denominacións de orixe en colaboración co Estado.

De conformidade co Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da





Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, a Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración Pública galega ao cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, na forma establecida nese decreto.

Asi mesmo, e de acordo co disposto no Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, esta Axencia actúa como autoridade competente en materia de produción ecolóxica en Galicia. Ademais, segundo o establecido na Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, a Consellería do Medio Rural ten delegadas funcións de control oficial neste consello regulador, que actúa como autoridade de control nesta comunidade autónoma, conforme ao previsto no Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello do 15 de marzo de 2017 e no Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018.

O expediente relativo ao proxecto de Orde pola que se establecen normas en relación coa comercialización dos produtos ecolóxicos está integrado pola seguinte documentación:

-Acordo de inicio da tramitación do anteproxecto de orde, asinado polo conselleiro do Medio Rural en data 24 de xaneiro de 2022

Certificación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de publicación no portal de Transparencia e Goberno Aberto da consulta pública previa relativa ao dito anteproxecto de orde.

-Memoria xustificativa e económica asinada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

- Informe da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico de data 15.03.2022.

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta encadrouse no procedemento legal e nas prescricións contidas nos artigos 40 a 44





da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

De conformidade co artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería do Medio Rural tivo lugar en data 17.03.2022.

O texto foi publicado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, en cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e nos artigos 41 e 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

No trámite de audiencia o proxecto normativo foi remitido ao Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica.

Na fase intermedia da tramitación, foi sometido aos seguintes trámites:

Informes e ditames: Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:

- Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de 11.05.2022.
- Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda de data 18.07.2022
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa de data 11.05.2022.

Na fase final da tramitación, foi sometido ao informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 15.08.2022.

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto someterase a aprobación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Orde pola que se establecen normas en relación coa comercialización dos produtos ecolóxicos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Nicolás Vázquez Iglesias

